



Concello de Arbo

1

BASES DO SORTEO “ARBO, VILA DA LAMPREA” – LXI Festa da Lamprea

PRIMEIRO: Dacordo o informe emitido por Raul Rodríguez Álvarez, Concelleiro delegado das areas de Novas Tecnoloxías, Comunicación, Emprego, Xuventude, Cultura e Facenda, o Concello de Arbo, no seu interese por promocionar a gastronomía, a hostalaría, os deportes de aventura, as adegas e a Festa da Lamprea do vindeiro ano 2021, e para poder contribuir a reactivación dun sector tan importante para o noso Concello como é o Sector Turístico, organiza o sorteo denominado “Arbo, Vila Da Lamprea” – LXI Festa da Lamprea

Este Sorteo ten como obxectivo primordial dar a coñecer a lamprea e os viños de Arbo e promover os restaurantes e casas de turismo rural que ofrecen estes produtos identificativos do noso Concello, as adegas de Arbo, así como as dúas empresas arbenses que organizan deportes no río Miño.

Con este concurso pretendese ademais, promocionar a tempada da lamprea e a Festa da Lamprea no ano 2021 e conseguir que Arbo siga sendo o destino que os turistas elixan para degustar a Lamprea e o viño de Arbo durante os meses do ano 2021

Esta actividade promocional realízase ao abeiro do disposto no art. 25.2 h) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que outorga





Concello de Arbo

competencias aos municipios sobre a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

SEGUNDA: Poderá participar no sorteo:

- Todo comensal que **acuda a comer lamprea aos restaurantes e casas de turismo rural**, participantes na campaña
- Todos os participantes **que realicen actividades coas empresas de aventura arbenses**, participantes na campaña
- Todos os **hospedes que acudan os hospedaxes de turismo rural** do Concello de Arbo, participantes na campaña.
- Todas as persoas que visiten as adegas do noso Concello, participantes na campaña.

Os establecementos darán a cada comensal ou participante nas actividades de ocio, un boleto que deberán cumprimentar cos seus datos persoais e teléfono de contacto e entregar na mesma entidade.

Os premios de “Arbo,Vila da Lamprea” – LXI Festa da Lamprea, consistirán:

Primeiro Premio: Unha invitación consistente nunha estancia dunha noite para dúas persoas nunha das casas rurais de Arbo, en réxime de aloxamento e





Concello de Arbo

almorzo, participantes na campaña “Arbo, Vila da Lamprea” - LXI Festa da Lamprea

Segundo Premio: Unha invitación consistente nunha estancia dunha noite para dúas persoas nunha das casas rurais de Arbo, en réxime de aloxamento e almorzo, participantes na campaña “Arbo, Vila da Lamprea” - LXI Festa da Lamprea

Terceiro Premio: Unha comida ou cena para dúas persoas de menú degustación nun dos restaurantes ou casa de turismo rural de Arbo participantes na campaña “Arbo, Vila da Lamprea” - LXI Festa da Lamprea

Cuarto Premio: Unha comida ou cena para dúas persoas de menú degustación nun dos restaurantes ou casa de turismo rural de Arbo participantes na campaña “Arbo, Vila da Lamprea” - LXI Festa da Lamprea

Quinto Premio: Un vale canxeable para dúas persoas para practicar deporte de aventura no Río Miño, nalgunha das empresas arbenses que participan no concurso “Arbo, Vila da Lamprea” - LXI Festa da Lamprea





Concello de Arbo

Sexto Premio: Un vale canxeable para dúas persoas para practicar deporte de aventura no Rio Miño , nalgunha das empresas arbenses participantes na campaña “Arbo, Vila da Lamprea” - LXI Festa da Lamprea

Setimo Premio: 1 lote de viño da D.O Rias Baixas das adegas de Arbo participantes na campaña “Arbo, Vila da Lamprea” - LXI Festa da Lamprea

Octavo Premio: 1 lote de viño da D.O Rias Baixas das adegas de Arbo participantes na campaña “Arbo, Vila da Lamprea” - LXI Festa da Lamprea

Noveno Premio: 1 lote de viño da D.O Rias Baixas das adegas de Arbo participantes na campaña “Arbo, Vila da Lamprea” - LXI Festa da Lamprea

Decimo Premio: 1 lote de viño da D.O Rias Baixas das adegas de Arbo participantes na campaña “Arbo, Vila da Lamprea” - LXI Festa da Lamprea

Decimo Primeiro Premio: 1 lote de viño da D.O Rias Baixas das adegas de Arbo participantes na campaña “Arbo, Vila da Lamprea” - LXI Festa da Lamprea

Decimo Segundo Premio: 1 lote de viño da D.O Rias Baixas das adegas de Arbo participantes na campaña “Arbo, Vila da Lamprea” - LXI Festa da Lamprea





Concello de Arbo

TERCEIRA: Os restaurantes, casas de turismo rural, empresas de aventura, adegas e Museo Arbo, disporán dos boletos necesarios para entregar aos participantes e tamén serán os responsables de recollelos cubertos polos comensais e entregalos ao Concello de Arbo antes do sorteo dos boletos ganadores.

Os boletos deberán estar cuñados co Selo do Establecemento.

O período de vixencia da participación na promoción é dende o **9 de abril ata o 30 de novembro.**

CUARTA: O sorteo se realizará o **11 de decembro de 2021** no Centro de interpretación do Viño e a Lamprea “Arabo”, ante o alcalde, o Concelleiro de Cultura, as empresas participantes na campaña e un empregado municipal, que actuará como secretario e dará fé do acto.

QUINTA: Os premiados recibirán unha comunicación por e-mail ou vía telefónica para coñecer a obtención do premio e recibirá un ticket con nome, apelidos e DNI que presentara na hospedaxe onde efectuará a durmida, no local onde degustara o menú, a empresa donde se realizara a actividade de aventura ou no Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea “Arabo”, donde serán recollidos os estuches de Viño.





Concello de Arbo

SEXTA: Os premiados poderán gozar do seu premio **dende o 17 de xaneiro ata 15 de maio de 2022**

SETIMA: O local donde os gañadores poderán desfrutar do seu premio, será escollida polo gañador en función das opcións dispoñibles no momento de desfrute do premio.

OCTAVA: Os portadores dos boletos coa súa participación neste sorteo estarán pondo de manifesto que non se atopan incursos en prohibición para ser beneficiarios do premio.

NOVENA: A participación dos restaurantes nesta promoción é libre e acordarase previamente ao inicio da promoción.

O Concello comunicará con antelación o nome dos restaurantes adheridos.

DECIMA:

Normas en materia de Protección de datos:

Os datos persoais que os participantes ou gañadores do presente concurso faciliten para a participación no mesmo e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do concurso, serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Arbo.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das





Concello de Arbo

Bases do Réxime Local, e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos persoais proporcionados polos participantes e gañadores do concurso serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrencia (concurso) e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as ditas finalidades, e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Do mesmo xeito, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios comunicación institucionais como Boletíns ou Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, coa finalidade de dar a publicidade legalmente esixidas ao procedemento.

En caso de que os participantes no concurso facilitaran datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente a súa inclusión deberán informar ás persoas interesadas dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto na sede electrónica do Concello de Arbo (<https://concellodearbo.sedelectronica.gal>)





Concello de Arbo

De igual forma poderán poñerse en contacto coa persoa delegada de protección de datos e obter información adicional segundo o especificado no portal web.

Normas finais:

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os participantes das presentes bases

Os órganos competentes, en cada caso, quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas bases.

O Alcalde do Concello de Arbo. Horacio Gil Exposito. Sinatura electrónica

